

# As linguas minorizadas en España

Informe presentado no *82 Congreso do PEN Internacional* (Ourense, setembro de 2016)

Fernando Ramallo (Universidade de Vigo)

## Introdución

En España, ademais do castelán, única lingua oficial en todo o territorio, fálanse dende hai séculos as seguintes linguas, ordenadas alfabeticamente<sup>1</sup>: árabe ceutí, aragonés, aranés, asturleonés, catalán (valenciano), euskera, galego, portugués e tamazight. A estas linguas territorializadas, hai que engadir as linguas de sinais (española e catalana) e o romancaló, o etnolecto usado desde os inicios do século XV pola comunidade roma e que na actualidade se considera unha variedade mixta panromaní con estruturas fonolóxicas e gramaticais do español (caló español), do catalán (caló català) e/ou do euskera (errumantxela) e con numerosos elementos léxicos e algún trazos morfolóxicos do romaní.

Agora ben, desde a súa formación como Estado moderno, as elites españolas imaxinaron e construíron a identidade de dita organización arredor dunha mitificación baseada no ‘común’ e na ‘unidade’ lingüística. Esta construción tivo un poderoso efecto na lexitimación da supremacía dunha lingua —o castelán— sobre as demais e na representación da diversidade lingüística como un problema, iso si, retoricamente valorado.

En consecuencia, o intento de unificar lingüisticamente unha diversidade anterior á propia configuración de España como un Estado tivo diversas consecuencias desde o punto de vista das minorías lingüísticas, todas elas relacionadas: xerarquización, discriminación, desunión e fragmentación social. A Constitución Española (1978) é o instrumento máis recente deseñado para consolidar esa unidade. No seu artigo 3 fortalécese a xerarquización das linguas, mais tamén dilúese a propia diversidade lingüística do Estado. A única lingua que a CE nomea é o castelán deixando baixo a responsabilidade dos Estatutos de Autonomía a protección e promoción do resto dos idiomas. O castelán convértese así na única lingua española oficial en todo o territorio estatal, o que supón consolidar unha praxe que xa viña de décadas atrás. Os falantes de castelán teñen garantida a maior protección posíbel: establecemento do principio de territorialidade nos lugares monolingües e vixencia do principio de personalidade nos bilingües. Para os falantes das outras linguas desaparece o deber do seu coñecemento e só nalgúns casos prevalece o dereito a usalas. Isto constitúe unha discriminación que contribuíu historicamente a fortalecer un “sentimento” de afastamento dunha hipotética unión

---

<sup>1</sup> Os glotónimos utilizados neste informe non están exentos de polémica. Que unha lingua teña varios autoglotónimos pode deberse a razóns de diversa índole pero, en xeral, non parece razoábel caer na simplificación de “crear” linguas unicamente polo feito de que haxa autoglotónimos diferentes para falas próximas de territorios distintos. No caso concreto do catalán falado no País Valenciano referímonos a el co autoglotónimo valenciano.


respectuosa coas diferenzas, ademais da conseguinte fragmentación social pola lingua utilizada.

Por se isto non fose suficiente, entre as linguas minorizadas asistimos a un segundo nivel de discriminación. Mentres que algunhas destas linguas gozan dun nivel de protección e de promoción aceptábel, mediante un sistema de dobre oficialidade, outras, entre elas as máis vulnerabeis, carecen da máis mínima protección e o seu uso aproxímase á fronteira da marxinalidade. Nos casos do aragonés e, sobre todo, do portugués estaríamos ante linguas que teñen moi comprometida a súa viabilidade a corto ou a medio prazo.

### Demolingüística

A poboación que vive nos territorios nos que se falan outras linguas ademais do castelán sitúase arredor do 46% do total de España. Isto non significa que practicamente a metade da poboación sexa falante dunha lingua diferente do castelán. Pero si que é unha poboación que vive en contextos bilingües máis ou menos intensos.

As linguas minoritarias fálanse en 11 das 17 Comunidades Autónomas e nas dúas Cidades Autónomas (Ceuta e Melilla). A distribución xeográfica das linguas territorializadas é a seguinte<sup>2</sup>:




Concretar o número de falantes é unha tarefa realmente complicada porque necesitamos saber, entre outras cousas, que entendemos por ser falante dunha lingua. En todo caso, a demografía absoluta das linguas minorizadas é moi desigual, dende uns centos de falantes de portugués en Extremadura ata os dez millóns de catalanofalantes. A partir do número estimado de persoas que teñen estes idiomas como linguas principais, diferenciamos entre comunidades lingüísticas de **tamaño grande** —con máis de 1.000.000 falantes (catalán, galego)—, comunidades lingüísticas de **tamaño medio** —entre 500.000 e 1.000.000 falantes (euskera)—, comunidades lingüísticas de **pequeno tamaño**, —entre 100.000 e

<sup>2</sup> Referímonos só a territorios do Estado español. Somos conscientes de que nalgúns casos esta distribución xeográfica pode ser problemática na medida en que non sempre hai consenso sobre a adscrición das linguas a dominios lingüísticos. Mesmo pode botarse en falta algún territorio para algunha destas linguas.

500.000 mil (asturleonés, lingua de signos española)—, comunidades lingüísticas de **tamaño diminuto** —entre 10.000 e 100.000 (aragonés, lingua de signos catalana, tamazight, arabe ceutí), comunidades lingüísticas de **tamaño minúsculo** —menos de 10.000 falantes (aranés) e comunidades lingüísticas en **proceso de extinción** (portugués).

En conxunto, estas linguas teñen vitalidade en territorios con núcleos urbanos cunha superdiversidade poboacional e lingüística notábel, en particular os do eixo mediterráneo e Melilla (gráfico 1).

**Gráfico 1. Poboación nacida fóra de España (territorios con presenza relevante de minorías lingüísticas)**



Fonte: Instituto Nacional de Estadística (2016)

En moitas das cidades dos territorios con máis poboación inmigrante, a complexidade lingüística é un trazo moi visíbel. En Cataluña, por exemplo, compútanse máis 300 linguas. Na medida en que a poboación inmigrante se foi achegando de xeito escalar durante as últimas décadas, podemos falar dunha sociolingüística barroca con múltiples rostros, conxunturas, tradicións, expectativas, demandas e desexos. Conviven suxeitos de moi diversa índole: país e nais que non dominan as linguas minoritarias con fillos e fillas que foron plenamente alfabetizados nelas e que fan uso desas linguas na súa socialización; inmigrantes recentes que teñen escaso ou nulo interese nas linguas minoritarias oficiais, parellas mistas, etc. Xa que logo, a praxe da comunidade alóglata con respecto ás linguas diferentes do castelán é diversa, incluída nesta diversidade novos falantes de catalán, galego, euskera —e de castelán— ou non falantes de ningunha destas linguas. En todo caso, cada vez é máis obvia a necesidade de superar o marco do bilingüismo para explicar a complexidade sociolingüística dos territorios que gozan dun bilingüismo oficial.

Ademais destas porcentaxes hai que ter en consideración as persoas nadas noutras partes de España e inmigradas a estes territorios bilingües. Así, o saldo migratorio inter-autonómico do ano 2015 indica que —xunto con Madrid—, Cataluña, Illas Baleares, País Vasco e Navarra foron os lugares que máis poboación recibiron procedente do resto do Estado. Esta singularidade cómpre tela en conta para comprender a situación social das minorías lingüísticas nos diferentes territorios. A comparación entre nativos e non nativos achega resultados sociolingüísticos e glotopolíticos diferentes, ás veces opostos e/ou contraditorios.

En España, cada ano fanse públicos numerosos estudos sociolingüísticos que teñen como un dos seus obxectivos elaborar un diagnóstico sobre a vitalidade lingüística das linguas. Malia esa tradición, son moi escasos os estudos comparativos a partir dunha mesma estratexia metodolóxica. Esta eiva supón afondar nos problemas epistemolóxicos que ten toda aproximación á cuantificación da diversidade lingüística. Mesmo os *Censos de Poboación e Vivendas*, elaborados cada 10 anos, presentan problemas diversos que non podemos entrar a considerar neste informe. En todo caso, a día de hoxe non hai ningún traballo completo, entendendo por iso, un que recolla datos comparativos (a) de todas as linguas socialmente minoritarias e (b) en todos os territorios nos que se falan. Este eiva debería ser cuberta pola administración central, conforme ao espírito do artigo 3 da Constitución Española.<sup>3</sup>


En todo caso, despois de 40 anos identificando e analizando trazos demolingüísticos, entendemos que, en xeral, o diagnóstico está ben establecido. Os datos máis recentes indican que o coñecemento das linguas é moi desigual. Mentres que o conxunto da poboación dos territorios bilingües —coa excepción de País Vasco e Navarra nas destrezas orais— ten un coñecemento amplo das linguas, mesmo nas destrezas escritas, nas linguas que carecen do status de oficialidade este coñecemento é moi inferior. Nalgúns casos, como o aragonés no conxunto de Aragón, está por baixo do 10%.

A evolución nos últimos 30 anos amosa un aumento considerábel do coñecemento das destrezas escritas e un estancamento das destrezas orais. A alfabetización en linguas minoritarias ten moito que ver co primeiro aspecto e, en menor medida, pero tamén, co segundo; téñase en conta que o sistema educativo está máis orientado a traballar as destrezas de lecto-escritura cá oralidade. En todo caso, a capacidade para falar unha lingua está entre o 32% do euskera no País Vasco e o 90% do galego (gráfico 2).

---

<sup>3</sup> Dende o ano 2007, existe o Consello das Linguas Oficiais na Administración Xeral do Estado, con funcións de análise, información e promoción do plurilingüismo. Aínda que foi creado para fomentar o uso das linguas oficiais, entendemos que debería ser o órgano encargado de promover ese diagnóstico sobre a diversidade lingüística do patrimonio lingüístico propio.


**Gráfico 2. Capacidade para falar as linguas minoritarias oficiais en cada territorio**



\* En escuro, datos da zona vascófona. En claro, datos do conxunto de Navarra.

A poboación que tivo como primeira lingua só unha das linguas oficiais non acada o 50% en ningún lugar (gráfico 3). O bilingüismo inicial supera o 25% nas familias valencianas e galegas e é moi pouco habitual nos resto. Téñase en conta que o castelán é unha lingua que toda a poboación aprende desde a infancia debido á súa presenza dominante no conxunto do tecido social. Dito con outras palabras, se non é falado na familia, o castelán apréndese por impregnación social.


**Gráfico 3. As linguas minorizadas como linguas iniciais**



\* Datos da zona vascófona. No conxunto de Navarra, 6% exclusiva e 3% bilingüe

O uso das linguas minoritarias oficiais é moi desigual (gráfico 4). Unha parte relevante da poboación fai un uso exclusivo destes idiomas e, unha vez máis, en Galicia e País Valencián, as prácticas bilingües son o trazo máis salientábel. Téñase en conta que, agás no País Vasco e no conxunto de Navarra, non é preciso utilizar o castelán porque a maior parte da poboación ten un dominio suficiente de comprensión das outras linguas. Xa que logo, este bilingüismo pode entenderse que procede da poboación que ten as linguas minoritarias como primeiras linguas e, en moita menor medida, dos que aprenderon a falar en castelán. Dito con outras palabras, en xeral a converxencia lingüística prodúcese máis entre falantes de galego, euskera, catalán, aranés e valenciano que entre castelanfalantes.

**Gráfico 4. As linguas minorizadas como linguas habituais**



\* Datos da zona vascofona. No conxunto de Navarra, 4% exclusiva e 9% bilingüe.

### Valoración xeral

En febreiro de 2016 fíxose público o 4º informe do Comité de Expertos sobre a aplicación da *Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias* (Consello de Europa) en España. Como é ben coñecido, España ratificou a *Carta* en 2001, ano dende o que citado tratado de dereito internacional forma parte da lexislación doméstica. Isto supuxo a asunción dun conxunto de compromisos —e obrigas— por parte do Estado orientados á protección e promoción da súa diversidade lingüística. O informe distingue entre as linguas ás que só se lle aplica o artigo 7 (no caso de España, as non oficiais) e ás que se lle aplican os artigos 7 ao 14 (no caso de España, as oficiais).

#### *Linguas non oficiais*

Moi poucos avances se identifican respecto das linguas non oficiais. Pola contra, hai unha fonda preocupación pola situación de todas elas. Nalgúns casos, considérase urxente o cambio de tendencia no que se atopan as minorías lingüística ao careceren dos mínimos niveis de protección e promoción que as afaste do evidente nivel de vulnerabilidade no que transitan actualmente. En xeral, bótase en falta un maior coñecemento dos grupos que

as falan, das súas prácticas, expectativas, demandas e desexos. Para a maioría delas, apenas hai datos oficiais. En consecuencia, carécese dun diagnóstico preciso que permita actuar de xeito correcto sobre as prioridades necesarias para protexer estas linguas, en particular o árabe en Ceuta, o portugués en Extremadura, o asturleonés en Castela-León, o galego en Extremadura, e o catalán en Murcia. A valoración tamén é moi preocupante no resto dos idiomas, malia que se constate algún apoio institucional — público e/ou privado— orientado a súa protección e promoción.

En todos os casos, é imprescindible e urxente a súa introdución plena no sistema educativo, dende a educación infantil á secundaria. Non hai xustificación para unha presenza extracurricular reducida, no mellor dos casos, a pouco máis de 1 hora semanal. Sen avances neste ámbito, a transmisión interxeracional, aló onde aínda se mantén, non é suficiente. Por razón obvias, no século XXI xa non é válido o argumento de que durante séculos estas linguas se mantiveron grazas ao compromiso dos falantes e das familias. Considerar a biopolítica producida dende a subxectividade popular como a solución para estes idiomas constitúe unha evidencia da perda da centralidade das políticas *top-down* e, asemade, favorece a construción dun suxeito lingüístico neoliberal e resiliente, que debe aprender a sobrevivir aceptando as circunstancias “naturais” de exclusión “social” da súa lingua. No fondo, é unha forma calculada e perversa de instrumentalizar o abandono sistemático no que transitan moitas linguas socialmente minoritarias por parte da política lingüística institucional, tanto estatal como comunitaria.

#### *Linguas oficiais*

As linguas oficiais, malia ter un nivel de protección axeitado, mostran algunhas debilidades na súa promoción. Globalmente, o máis salientábel é a ausencia dunha política lingüística estatal ben estruturada e encamiñada a favorecer o uso das linguas oficiais en todos os ámbitos cuxa competencia recae na administración central. En particular, é moi preocupante a situación destes idiomas no ámbito da xustiza, cunha Lei Orgánica 6/1985 do Poder Xudicial que entra en innegábel contradición coa propia *Carta*. Compárese o que di o artigo 231 da citada Lei co compromiso adquirido por España na *Carta*:

<p><i>Lei Orgánica do Poder Xudicial</i> Art. 231</p>	<p>1. En todas as actuacións xudiciais, os Xuíces, Maxistrados, Fiscais, Secretarios e demais funcionarios de Xulgados e Tribunais usarán o castelán, lingua oficial do Estado.</p> <p>2. Os Xuíces, Maxistrados, Fiscais, Secretarios e demais funcionarios de Xulgados e Tribunais poderán usar tamén a lingua oficial propia da Comunidade Autónoma, <b>se ningunha das partes se opusese</b>, alegando descoñecemento dela que puidese producir indefensión</p>
<p><i>Carta</i> Art. 9 par. 1a/1b/1c</p>	<p>[Nos procedementos penais, civís e administrativos], as partes comprométense a: asegurar que os órganos xurisdiccionais, <b>por solicitude dunha das partes</b>, leven o procedemento nas linguas rexionais ou minoritarias.</p>

Tamén hai motivos evidentes de alarma na situación das linguas oficiais no sistema educativo, en concreto o galego en Galicia e o catalán en País Valenciano e Illas Baleares. Nestes tres territorios, hai en marcha programas trilingües no sistema educativo, o que supón unha menor presenza das linguas minoritarias. Por outra banda, se atendemos ao compromiso adquirido por España na *Carta* non hai dúbida da necesidade de activar liñas de inmersión lingüística co castelán como lingua curricular en todos os territorios oficialmente bilingües. O compromiso subscrito polo Estado español é moi claro: ensino esencialmente nas linguas minoritarias oficiais, indefectiblemente superior ao 50%<sup>4</sup>. Coa lexislación actual, este modelo ten cabida en Navarra, País Valenciano, Cataluña, Euskadi e Illas Baleares. Non é posíbel en Galicia. Durante o curso 2013-2014 —último do que hai datos oficiais— as porcentaxes globais dos diferentes modelos educativos foron as seguintes:

	<b>Modelo 1 (só castelán)</b>	<b>Modelo 2 (castelán + L2 como materia)</b>	<b>Modelo 3 (bilingüe)</b>	<b>Modelo 4 (outra lingua e castelán como materia)</b>
<b>Cataluña</b>	0	0	0	<b>100</b>
<b>Galicia</b>	0	0	<b>100</b>	0
<b>Illas Baleares*</b>	0.7	1.7	29.3	<b>68.4</b>
<b>Navarra</b>	<b>60.3</b>	15	0.5	24.3
<b>Euskadi</b>	0	15.5	19.8	<b>64.7</b>
<b>País Valenciano</b>	0	12.4	<b>57.3</b>	30.3

Fonte: *Las cifras de la Educación en España. Curso 2013-2014 (Edición 2016)*. \* Datos da edición de 2015

O modelo 4 é o que corresponde co compromiso adquirido polo Estado español na aplicación da *Carta* ás linguas oficiais. Isto non debe entenderse como a obriga de adaptar todo o sistema educativo a este modelo. O que é mester, no caso de Galicia, é abrir unha liña integramente en galego que non só cumpra coa lexislación vixente senón que actúe conforme a unha innegábel demanda social da comunidade educativa, incluídas as familias.

A creación, mantemento e difusión de espazos de comunicación propios constitúe un eixo —e un desafío— fundamental na dinamización das linguas minoritarias. Nas linguas que dispoñen deste espazo, as vantaxes son evidentes. Dunha banda, na difusión de modelos de lingua formal e funcionalmente diversos; doutra, na institucionalización dos idiomas como códigos prestixiados que vertebran todos os ámbitos sociais; asemade, os medios

<sup>4</sup> Na *Carta*, o compromiso que establece unha porcentaxe do 50% para as linguas minoritarias oficiais é diferente ao asinado por España. En concreto, España optou polo nivel máis alto de protección das linguas oficiais, recollido no artigo 8, parágrafo 1, subparágrafos a.i/b.i/c.i. Pola súa banda, o compromiso do 50% —non elixido por España— recóllese nos subparágrafos a.ii/b.ii/c.ii.



contribúen á potenciación dun mercado laboral directamente concibido desde os intereses das minorías e conectado de maneira estreita a elas. Por último, no caso dos medios audiovisuais, cómpre destacar a súa función como mecanismos de cohesión social. Xunto coa escola, os medios son o ámbito que maiormente pode contribuír de xeito loábel ao promoción das linguas.

### **Final: desafíos urxentes**

Destacamos a continuación algunhas das liñas de actuación que, ao noso entender, son máis urxentes para a protección e promoción das linguas minoritarias en España.

1. Situar o tema lingüístico como tema político central, mais diluír a manipulación partidista nesta cuestión. Se España é un Estado plurilingüe debe selo máis aló dunha retórica baleira que, mais aló de celebrar emocional e folcloricamente a diversidade lingüística, actúe de xeito exemplar a prol dunha xustiza que recoñeza como punto de partida a desigualdade na que transitan as minorías e equipare os grupos sociais na súa praxe lingüística.
2. Asunción por parte de todas as administracións públicas das responsabilidades que atinxen ás linguas minoritarias, incluídas as linguas de sinais. Cómpre avanzar cara unha administración central e autonómica verdadeiramente multilingüe, na que ningunha persoa se sinta discriminada por razóns da lingua na que se desenvolve.
3. Para as linguas non oficiais, elaboración dun estudo comparativo que contribúa a identificar os principais problemas das comunidades lingüísticas que as usan. A partir de aí, o Estado, ao abeiro do artigo 3.3 da CE, debe desenvolver un plan urxente e ben estruturado de protección e promoción das linguas máis vulnerábeis.
4. Introducción de modelos de educación bilingüe en todos os territorios con linguas diferentes ao castelán. Nun contexto xeral de interrupción da transmisión interxeracional familiar, o sistema educativo está chamado a potenciar a (re)producción das linguas.
5. Adaptar a Lei Orgánica do Poder Xudicial ao aprobado na *Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias*.
6. Favorecer a creación de espazos de comunicación propios, con medios de comunicación nas linguas socialmente minoritarias que non contan con eles ou que teñen eivas relevantes neste ámbito.
7. Por último, o desafío máis ambicioso consiste en promover un novo discurso que desprace o relato neoliberal que tanta efectividade ten na poboación que non fala —e mesmo entre a que si o fai— linguas minoritarias. Un relato teleolóxico construído para convencer da privatización dun fenómeno lingüístico en cuxa evolución apenas teñen relevancia as políticas públicas na medida en que “todo” depende das subxectividade dos suxeitos, subxectividade que, por outra banda, están perfectamente dirixidas, diminuídas e controladas desde as estruturas de poder. Este novo discurso debe contribuír a prestixiar as linguas na sociedade e a mobilizar as condicións para a plena igualdade entre as linguas, isto é para a plena normalidade das linguas socialmente minoritarias en todos os ámbitos. Iso si, debe ser máis *lexíbel* có que se pretende substituír, e articulado dende a máis inmedita concreción.